# 08Persoal de administración e servizos

As principais accións de carácter xeral que cómpre salientar en materia de persoal de administración e servizos da UDC son:

- A posta en marcha, en colaboración co CUFIE, do Plan de mellora de necesidades formativas do PAS que, ao tempo que analiza os novos requirimentos formativos das distintas categorías laborais para a mellora das súas competencias profesionais, revisará e completará os procedementos administrativos dos distintos servizos da UDC, o que facilitará a extensión dos procesos de administración electrónica.

- Co obxecto de dar resposta ao mandato dos Estatutos da UDC, asinouse coas organizacións sindicais, con data 13 de xullo, o Acordo para a funcionarización do persoal laboral de administración e servizos, de xeito que, a través da correspondente modificación da súa relación de postos de traballo, a UDC conte cun modelo unificado de emprego público e relacións laborais do PAS.

- Así mesmo, e téndose que revisar estatutariamente a RPT do PAS, comezou en outubro o correspondente proceso de negociación colectiva. Ademáis de incluír o proceso de funcionarización dos postos ata agora catalogados para o seu desempeño por persoal laboral fixo, a nova RPT afronta esencialmente medidas de reorganización administrativa que faciliten unha prestación máis eficiente dos servizos da UDC. Estas medidas presentan como eixos estratéxicos:

  – A adaptación da organización administrativa aos requirimentos actuais do Espazo Europeo de Educación Superior.
  – Unha xestión académica máis integral cara á comunidade universitaria, asegurando os sistemas de garantía da calidade das titulacións e ensinanzas, co impulso definitivo dos procesos de administración electrónica.
  – O fortalecemento da estrutura de xestión da investigación para facilitar a coordinación cos investigadores na elaboración de proxectos, criterios de elixibilidade e xustificación de gastos.

Por outro lado, ao longo do ano incorporáronse a nova titular da vicexerencia do Campus da Coruña e a nova letrada da Asesoría Xurídica.

| | | |
|---|---|---|
| Persoal funcionario | 443 | 59,46% |
| Persoal laboral | 302 | 40,54% |
| **Total** | **745** | **100,00%** |

Cadro 146 **Persoal de administración e servizos en 2012**

| | 2008 | 2009 | 2010 | 2011 | 2012 |
|---|---|---|---|---|---|
| Funcionarios | 440 | 456 | 448 | 465 | **443** |
| Laborais | 306 | 312 | 312 | 325 | **302** |
| **Total** | **746** | **768** | **760** | **790** | **745** |

Cadro 147 **Evolución do número de PAS por escala**

| | 2010 | 2011 | 2012 |
|---|---|---|---|
| Accións formativas | 21 | 20 | **59** |
| Participantes | 605 | 667 | **971** |
| % sobre total PAS | 79,4 | 84,37 | **129,81** |

Cadro 148 **Participación do PAS en accións formativas en 2012**

## Convocatorias en 2012

En materia de procesos de selección, promoción interna e provisión de postos de traballo, convocáronse os seguintes:

- Probas selectivas de promoción interna para 23 prazas da escala administrativa.
- Probas selectivas de promoción interna para 9 prazas de técnico/a especialista de laboratorio.
- Probas selectivas para 27 prazas de técnico/a especialista de laboratorio.
- Probas selectivas para 1 praza de técnico/a superior en sistemas mecánicos.
- Probas selectivas para 1 praza de técnico/a de prevención de riscos laborais.

## Persoal funcionario

| | Número de empregados funcionarios | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Funcionarios/as de carreira | | | Funcionarios/as interinos/as | | | Persoal eventual | | | Altos cargos | | Total |
| | Muller | Home | Suma | Muller | Home | Suma | Muller | Home | Suma | Home | Suma | |
| A1 | 15 | 8 | 23 | | | | 1 | 1 | 2 | 1 | 1 | **26** |
| A2 | 81 | 17 | 98 | 1 | 1 | 2 | | | | | | **100** |
| C1 | 174 | 56 | 230 | 5 | 1 | 6 | | | | | | **236** |
| C2 | 42 | 13 | 55 | 18 | 8 | 26 | | | | | | **81** |
| **Total** | **312** | **94** | **406** | **24** | **10** | **34** | **1** | **1** | **2** | **1** | **1** | **443** |

Cadro 149 **PAS funcionario en 2012 por escala, sexo e grupo**

| Grupo | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| A1 | 16 | 10 | 26 |
| A2 | 82 | 18 | 100 |
| C1 | 179 | 57 | 236 |
| C2 | 60 | 21 | 81 |
| **Total** | **337** | **106** | **443** |

Cadro 150 **PAS funcionario en 2012 por sexo e grupo**

| Grupo | Mulleres | Homes | Total |
|---|---|---|---|
| A1 | 3,61 | 2,26 | 5,87 |
| A2 | 18,51 | 4,06 | 22,57 |
| C1 | 40,41 | 12,87 | 53,27 |
| C2 | 13,54 | 4,74 | 18,28 |
| **Total** | **76,07** | **23,93** | **100,00** |

Cadro 151 **Porcentaxe de PAS funcionario en 2012 por grupo e sexo**

| Grupo | Menor de 30 anos | 30-34 anos | 35-39 anos | 40-44 anos | 45-49 anos | 50-54 anos | Maior de 54 anos | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| A1 | | | 1 | 2 | 8 | 8 | 7 | **26** |
| A2 | 1 | 6 | 4 | 17 | 31 | 21 | 20 | **100** |
| C1 | 2 | 7 | 33 | 64 | 52 | 34 | 44 | **236** |
| C2 | 11 | 21 | 20 | 15 | 8 | 3 | 3 | **81** |
| **Total** | **14** | **34** | **58** | **98** | **99** | **66** | **74** | **443** |

Cadro 152 **PAS funcionario en 2012 por idade**

## Persoal laboral

| | Número de empregados laborais | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Fixo | | | Temporal | | | Total |
| | Muller | Home | Suma | Muller | Home | Suma | |
| Grupo I | 7 | 22 | 29 | 6 | 6 | 12 | **41** |
| Grupo II | 9 | 10 | 19 | 3 | 6 | 9 | **28** |
| Grupo III | 12 | 29 | 41 | 19 | 27 | 46 | **87** |
| Grupo IV A | 18 | 38 | 56 | | 10 | 10 | **66** |
| Grupo IV B | 35 | 26 | 61 | 9 | 10 | 19 | **80** |
| **Total** | **81** | **125** | **206** | **37** | **59** | **96** | **302** |

Cadro 153 **Persoal laboral en 2012 segundo contrato, grupo e sexo**

| Grupo | Muller | Home | Total |
|---|---|---|---|
| Grupo I | 13 | 28 | 41 |
| Grupo II | 12 | 16 | 28 |
| Grupo III | 31 | 56 | 87 |
| Grupo IV A | 18 | 48 | 66 |
| Grupo IV B | 44 | 36 | 80 |
| **Total** | **118** | **184** | **302** |

Cadro 154 **Persoal laboral en 2012 por grupo e sexo**

| Grupo | Muller | Home | Total |
|---|---|---|---|
| Grupo I | 4,30 | 9,27 | 13,58 |
| Grupo II | 3,97 | 5,30 | 9,27 |
| Grupo III | 10,26 | 18,54 | 28,81 |
| Grupo IV A | 5,96 | 15,89 | 21,85 |
| Grupo IV B | 14,57 | 11,92 | 26,49 |
| **Total** | **39,07** | **60,93** | **100,00** |

Cadro 155 **Porcentaxe de PAS laboral en 2012 por grupo e sexo**

| Grupo | Menor de 30 anos | 30-34 anos | 35-39 anos | 40-44 anos | 45-49 anos | 50-54 anos | Maior de 54 anos | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | | 1 | 7 | 20 | 5 | 6 | 2 | **41** |
| 2 | | 7 | 9 | 6 | 3 | 1 | 2 | **28** |
| 3 | 2 | 17 | 20 | 22 | 14 | 6 | 6 | **87** |
| 4 | | 2 | 7 | 13 | 10 | 18 | 16 | **66** |
| 5 | | 5 | 10 | 11 | 24 | 14 | 16 | **80** |
| **Total** | **2** | **32** | **53** | **72** | **56** | **45** | **42** | **302** |

Cadro 156 **Persoal laboral en 2012 por idade**